

¡Por unha cultura de paz!

“Para conseguir a paz, é preciso espirse dalgunha cousa, non só das armas. Talvez de privilexios, de excedentes, de inxustizas, de ambicións, de afán de protagonismo”

Vera Grabe. Antropóloga e Investigadora do Observatorio pola Paz.

Obxectivos*

1. Experimentar, e vivir de forma simulada, sentimentos e situacións reais, e procurar solucións negociadas.
2. Facer reflexionar a alumnos e alumnas sobre o feito de que **non pode existir paz sen xustiza**.

Dinámica*

A dinámica proposta consta de tres partes diferenciadas que poden ser traballadas na súa totalidade ou de forma independente:

- En primeiro lugar, analízase unha situación conflitiva hipotética, aínda que habitual e próxima do alumnado. Para isto, propónse un xogo de rol no cal cada alumno ou alumna deberá asumir un papel dentro do conflito e no cal os diferentes personaxes implicados deberán chegar a un acordo por medio da negociación.
- En segundo termo, propónse analizar as causas dun conflito violento que tivo moita repercusión: os acontecementos ocorridos no pasado mes de novembro en barrios periféricos dalgunhas cidades francesas. Para isto, propónse a lectura de varios textos que permiten, por un lado, analizar as causas do conflito, e, por outro, reflexionar sobre alternativas pacíficas para a resolución do conflito.
- Por último, ofrécense unha serie de noticias sobre diferentes conflitos internacionais co obxectivo de reflexionar sobre a relación entre a paz e a xustiza, e convídase o alumnado a imaxinar solucións para fomentar unha “cultura de paz”.

1. Análise dun caso nun instituto: IES la Caldera

A descrición completa dos personaxes e das situacións pode ser descargada a partir da páxina web dedicada ao DENIP no enderezo www.IntermonOxfam.org. A actividade completa tamén está dispoñible na carpeta de recursos “Móvetelo polo control das armas”, que fai parte da maleta pedagóxica para Secundaria “Armas baixo Control”. Tanto a maleta como a carpeta poden ser solicitadas a través do teléfono **902 330 331**.

Este é un xogo no cal se propón a simulación dun acontecemento ocorrido nun instituto e no cal debemos analizar as diferentes posturas e aspectos presentes nun conflito.

Desenvolvemento da actividade: escoller cinco persoas que representarán os personaxes implicados no incidente. O resto do grupo formará a comisión de disciplina. Durante 15 minutos, cada personaxe deberá preparar o seu papel: os implicados deberán pórse en situación e os integrantes da comisión deberán preparar as súas preguntas. É importante que cada personaxe asuma o seu papel aínda que non estea de acordo con el. O resto da aula deberá representar un rol real da comisión de disciplina.

Despois da simulación, entre todos deberemos procurar solucións que axuden a resolver a situación a que se chegou e avaliar o desenvolvemento da actividade.

2. Análise dun caso real:

Convida os alumnos e alumnas a leren a seguinte editorial de “Le Monde Diplomatique” de novembro de 2005. Nela, faise referencia aos conflitos violentos ocorridos no pasado mes de novembro en barrios periféricos dalgunhas cidades francesas.

SUBURBIOS EN LAPAS

Por Ignacio Ramonet · Le Monde Diplomatique. Novembro 2005, Número 121.(www.monde-diplomatique.es)

Das periferias de París, os motíns dos enfurecidos mozos marxidados foron estendéndose até atinxir case todas as grandes aglomeracións de Francia. Por que tanta violencia nun país que parecía propor ao resto de Europa un modelo de integración para os inmigrantes e un exemplo de tratamento social da pobreza?

Sen dúbida, porque os Gobernos sucesivos non quixeron ver a gravidade dos problemas de todo o tipo – económicos, culturais, relixiosos, sociais, étnicos – que se foron acumulando, como nunha ola a presión, neses suburbios-lixo cada vez máis abandonados polos poderes públicos.

Zonas sensibles

Existen en Francia unhas 750 zonas urbanas consideradas como sensibles, onde habita unha poboación sobre todo de orixe inmigrante procedente en particular do Magreb e da África subsahariana, e onde reinan a pobreza e a inseguridade. Barriadas moi degradadas, edificadas na década de 1960, e nas cales uns cinco millóns de habitantes –dos 61 millóns que ten Francia – sobreviven en edificios de máis de 9 andares, cualificados de exemplo letal de “chabolismo” vertical.

As clases medias foron abandonando estes suburbios e aí, como en novos guetos, se concentraron as minorías étnicas visibles, ou sexa, a poboación magrebí e subsahariana. E como los inmigrantes extra-comunitarios non poden votar nas eleccións municipais se non obteñen a nacionalidade francesa, todas estas barriadas foron esquecidos polos concelleiros locais, xa que non representan ningunha rendibilidade electoral.

En moitas delas, por causa das políticas neo-liberais de recortes orzamentarios, non fica ningunha representación do Estado. Os servizos públicos ou semi-públicos – correos, comisarías, hospitais, escolas, caixas de aforros, liñas de autobuses... – se foron retirando como consecuencia da política ultra-liberal de reducir os gastos públicos, os subsidios aos servizos públicos e o número de funcionarios.

Con frecuencia, moitos comercios privados – bares, supermercados, farmacias – fixeron o mesmo como consecuencia do aumento da inseguridade, da pequena delincuencia e do medo.

Discriminación territorial

E os honestos veciños deses suburbios, que xa debían soportar o racismo, tiveron ademais que facer fronte á «discriminación de territorio». Se confesaban, respondendo a unha oferta laboral, que vivían nun deses barrios, non obtían o posto.

Desta forma, eses territorios constituíronse pouco a pouco en «zonas sen lei» onde, para sobreviviren, moitos mozos desempregados se dedicaron á delincuencia, ao furto, ao roubo de vivendas, á revenda de obxectos roubados ou ao tráfico de drogas... E nun viveiro ideal para grupos islamistas radicais que aquí recrutaban voluntarios para distintas fronteas – Afganistán, Caxemira, Chechenia, Irak...

As autoridades, aínda que non o admitan, preferiron con cinismo pechar os ollos durante anos apostando que esta economía do delito mantería a calma. En lugar de emprender unha política de reconquista pacífica e social, o ministro do Interior, Nicolás Sarkozy, decidiu apostar pola represión, coa esperanza de seducir (na perspectiva da elección presidencial de 2007) os electores da extrema dereita racista e xenófoba. Cualificou, sen distinción, os habitantes desas barriadas de «xentalla bruta » e declarou que ía limpar todo iso con «ácido puro».

Grave erro, que provocou esta primeira rebelión nacional dos mozos pobres, marxidados e discriminados. Isto lembra as explosións nihilistas dos barrios negros dos Estados Unidos nos anos 60 – en particular a de Watts, en Los Ángeles, en agosto de 1965. Como alí, en Francia estes motíns só desaparecerán cando o Goberno lance por fin un verdadeiro plano Marshall para os suburbios.

a) Análise das causas: Comentario do artigo

Despois da lectura do texto, os alumnos e alumnas comentarán os seguintes aspectos:

- Cales son as diferentes causas que orixinaron o conflito, segundo o artigo?

[O profesor ou profesora deberá orientar o debate para que xurdan o maior número de causas das descritas no artigo: integración/asimilación, ausencia de Estado, racismo, situación das minorías, diferenzas culturais e de clase, fuxida da poboación normalizada, ausencia de emprego....]

- Considerades que algunhas causas son máis importantes que outras? Se for así, cales son?
- Que credes que se debería ter feito para evitar que estes barrios chegasen á situación en que estaban cando estourou o conflito?
- Que credes que se podería facer agora?
- Coñecedes algunha situación próxima que se pareza á que analizastes (no teu barrio, na túa cidade...)?

b) Unha vez analizadas as causas, pensemos nas solucións...

- Que solucións se vos ocorren para evitar que se poida chegar a producir un conflito parecido ao que tivo lugar en Francia?
- Imaxinades algunha vía para facer chegar aos responsables políticos as solucións que xurdisen?

[O profesor ou profesora deberá orientar o debate para que os alumnos e alumnas vaian coñecendo, e, se for posible, exercendo, as vías democráticas existentes para actuar como cidadáns críticos e responsables: escribir aos responsables políticos ou ao Defensor do Pobo formulándolles a situación, ir ás asociacións veciñais e ofrecer alí as súas propostas, realizar actividades lúdicas (teatro, xogos...) que fagan reflexionar sobre o problema ou sobre as posibles solucións...].

Que vos parece esta proposta?

Declaración do Mouvement de la Paix
Saint-Ouen, 8 de novembro de 2005

Carta aberta ao Presidente da República

Restablecer a orde mediante o respecto, a dignidade e o diálogo. Traballar polo desenvolvemento humano e non pola represión!.

A violencia que estalou ao longo dos últimos días en diversas localidades francesas, e que non deixa de estar relacionada coas provocacións do Ministro do Interior, produciu preocupación e indignación. En Mouvement de la Paix, movemento por unha cultura de paz, compartimos este sentimento e non podemos aceptar esta violencia, que está aínda menos xustificada xa que, con frecuencia, se dirixe contra persoas que se encontran xa nunha situación moi difícil, e contra locais sociais nos que homes e mulleres traballan moi activamente en sectores educativos, de prevención, de inserción laboral ou de transporte, que son elementos fundamentais do desenvolvemento e do tecido social.

Estes acontecementos poñen en evidencia que a represión, a única solución ofrecida polo Ministro do Interior, é un fracaso. Demostran o fracaso da nosa sociedade para conseguir os obxectivos republicanos de igualdade, liberdade e fraternidade; veñen a confirmar que o menosprezo, a arbitrariedade e a inxustiza non constitúen unha boa política social, senón que conducen a rúas sen saída dos que emerge a violencia. As medidas propostas por Villepin de permitir o acceso á formación profesional a partir dos 14 anos non son de ningún modo capaces de facer fronte á amplitude dos problemas aos que se enfrontan os nosos mozos.

O aumento da inseguridade, no seo dunha sociedade que sobrevalora o diñeiro, xerou estas situacións de apartheid social. Existen máis de 10 millóns de pobres, barrios nos que o desemprego afecta todas as familias e máis do 30% dos mozos, escolas saturadas, vivendas insalubres: a xente encóntrase nunha situación desesperada, mais actúa xunta, como un antídoto. As asociacións, os representantes electos, os traballadores sociais, os servizos públicos, os habitantes e os comerciantes tecen cada día estes vínculos sociais, vínculos sen os cales a violencia reinaría de forma total.

E é a construción deste tecido social a que se debe reforzar, ofrecendo medios reais aos barrios e aos seus habitantes. Temos que traballar por un proxecto real de desenvolvemento humano que permita o acceso de todos e todas ao traballo

e á formación, á cultura, a unha vivenda, á saúde; e tamén para conseguir a cidadanía e o voto para os residentes estranxeiros. É necesario perseguir sen compaixón o lastre do racismo e das discriminacións.

Cultivar a paz nas nosas cidades e nos nosos barrios significa multiplicar os espazos de diálogo, as interaccións sociais e a cidadanía entre todas e cada unha das persoas. E tamén significa construír unha verdadeira mudanza que signifique finalmente o predominio do respecto, a dignidade, a xustiza e os dereitos para todos.

As partidas orzamentarias para 2006 que se están a discutir na actualidade van, desgraciadamente, na dirección oposta: recorte dos servizos públicos e redución do orzamento das comunidades locais. O papel das asociacións de educación popular é fundamental en temas de integración social, lecer e cultura; e unha diminución dos seus recursos pode pór en perigo o seu traballo. Ao mesmo tempo, é previsto que o orzamento de defensa aumente un 3,4%, o que representa 47,8 mil millóns de euros, dos cales a metade será destinada á construción de novas armas (incluíndo armas nucleares). En troco, ao Departamento de Vivenda serán destinados unicamente 7 mil millóns de euros.

Como se pode aceptar que á petición de diálogo se responda con “novos mísiles”? Construír a paz é moito máis difícil que facer a guerra, mais é o único camiño aceptable dun punto de vista humano, social e económico.

A paz non é nin a ausencia de conflitos nin a incapacidade de facer a guerra. Implica a renuncia voluntaria ao uso da forza armada porque existen solucións máis eficaces e duradeiras. Os nosos (ir)responsables políticos parecen faltos de imaxinación e continúan a xogar o perigoso xogo do odio e da división.

A poucos días de que o Mouvement de la Paix celebre o seu Congreso Nacional, o movemento, que se comprometeu a “cultivar a paz desde o barrio até o mundo enteiro”, fai unha chamada ao Presidente da República para que convoque unha conferencia nacional que reúna todos os actores implicados, para pór en práctica, en todas as partes e para todos, os valores republicanos de igualdade, liberdade e fraternidade.

- Que solucións propoñen?
- Credes que as medidas propostas servirían tamén para previr futuros conflitos?
- As solucións que ofrecen servirían tamén para solucionar outras situacións do voso contorno?
- Imaxinades algunha outra solución que non se contemple no texto?

3. Os conflitos esquecidos

A diferenza do conflito ocorrido en Francia e doutras situacións de violencia que aparecen cada día nos medios (Iraq, Afganistán, Israel e Palestina...), existen guerras e situacións violentas que non son noticia a pesar de levaren anos activas e de afectaren moitas persoas. Le as seguintes noticias e reflexiona sobre elas:

Intermón Oxfam advirte que a crise humanitaria de Darfur se prolongará até 2006 ou máis alá

A guerra de Darfur, que comezou en febreiro de 2003 cando todo o mundo estaba pendente do Iraq, causou decenas de millares de mortos como consecuencia da violencia armada, a fame e as doenzas. O conflito xerou máis de dous millóns de desprazados e refuxiados. A axuda internacional salvou moitas vidas, aínda que menos das que se terían podido salvar se as condicións e a cantidade da axuda fosen outras.

Intermón Oxfam denuncia que os doadores gastan en "axuda militar" 20 veces máis que en axuda humanitaria

Intermón denuncia que os gobernos non dan o mesmo trato ás crises esquecidas que a aquelas que revisten unha gran relevancia política. Por outra parte, o chamado efecto CNN – concentración da asistencia nas emerxencias que son noticia nun momento determinado – tamén condiciona en gran medida o caudal de fondos para axuda humanitaria, deixando sen cubrir as necesidades das crises máis esquecidas.

O mundo gasta 900.000 millóns de dólares anuais en defensa, 20 veces máis do que se gasta en axuda aos países menos desenvolvidos.

Dos fondos solicitados polas Nacións Unidas para atender as crises humanitarias durante 2005, os números falan por si soas: mentres a comunidade internacional prometeu millares de millóns de dólares para paliar os efectos da catástrofe do tsunami, recibíuse até o momento o 50% do solicitado para a República Democrática do Congo, onde máis de dous millóns de persoas perderon a vida desde 1997.

Un dos casos máis flagrantes é o do Nepal, onde os doadores cubriron unicamente o 2% dos 64 millóns de dólares solicitados polas Nacións Unidas.

En Intermón Oxfam cremos que non pode haber vítimas de primeira e de segunda categoría. Por exemplo, a axuda prometida para o tsunami representa unha media de 500 dólares por persoa afectada, mentres que no norte de Uganda, castigado por unha guerra civil desde hai máis de quince anos, a media é de 50 centavos de dólar por persoa.

- Coñecías algunha destas situacións?
- Lembras telas escoitado na radio ou na televisión ou telas lido nos xornais?
- Por que credes que non se fala tanto destes conflitos?
- Que che suxiren as seguintes palabras?
- Estás de acordo?


Misioneiro comboniano no norte de Uganda: **«Os mortos en África importan menos que no resto do mundo»** En África, vívese unha traxedia cotiá da que só nos acordamos cando as súas vítimas saltan as nosas fronteiras para fuxiren de forma desesperada. Quen sabe que no norte de Uganda hai unha guerra desapiadada desde hai máis de 20 anos?

- Sitúa no seguinte mapa os conflitos africanos aos que se fai referencia nos titulares anteriores.
- Consulta un xornal recente e busca noticias relacionadas co continente africano. Cres que o misioneiro comboniano ten razón?
- Unha vez respondidas as preguntas, elaborade unha listaxe con aquelas situacións ou actitudes que obstaculizan a construción dun mundo máis xusto e pacífico para todas e todos.

Escribide todas as ideas xurdidas en papeis. Con eles, debedes forrar as caixas de leite que utilizaredes para construír o muro que será derrubado no acto simbólico proposto para finalizar o Día Escolar da Non-violencia e a Paz.

[O profesor ou profesora deberá orientar os alumnos e alumnas para que reflexionen sobre a relación entre as situacións de violencia e inxustiza, así como sobre a necesidade de actuar como cidadáns e cidadás responsables: cidadáns e cidadás informados e informadas e que actúan fronte ás situacións de inxustiza social].

“CONFLICTOS ARMADOS E CONSTRUCCIÓN DA PAZ NO MUNDO”



Para continuar a traballar na aula:

O esforzo por construír un mundo máis xusto e en paz para todos e todas non se pode limitarse a un día no calendario, é por isto que desde Intermon Oxfam vos facemos outras propostas didácticas para continuar a traballar nesta liña:

- Monográfico **Construamos a paz** (unidade didáctica de 4 horas de duración). Propón unha reflexión sobre conceptos como a paz, a violencia ou o conflito. Pretende avaliar actitudes perante os conflitos para favorecer unha saída cooperativa aos problemas.

Podes descargar este material desde a web en www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos ou compralo a través do teléfono **902 330 331**

- Maleta pedagóxica **Armas baixo Control**. Proposta globalizada composta por diferentes materiais e recursos tanto para o alumnado como para o profesorado. Os obxectivos desta proposta son: coñecer o impacto que as armas representan para as sociedades, fomentar valores e actitudes que contrarresten a cultura da violencia e descubrir alternativas para a resolución pacífica dos conflitos

A maleta está composta polos seguintes materiais, que poden ser adquiridos de forma conxunta ou individual a través do teléfono **902 330 331**:

- **1 Dossier informativo:** "Vidas destruídas".
- **1 DVD:** Fóra de control
- **4 Cadernos de traballo:**
 - Ciclo infantil "O agasallo de Memed"
 - Primeiro ciclo: "Unha sorpresa para Rosalina"
 - Segundo ciclo: "Bolboretas de cores"
 - Terceiro ciclo: "Un grito pola paz"
 - 2 Guías didácticas: Infantil e 1er Ciclo e 2º e 3er Ciclo
 - 1 Xincana: "Camiño a Huambo"

- Global Express **Alto o fogo: el negocio das armas**. Global express é unha ferramenta para traballar temas e acontecementos de dimensión global. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que nos permita comprender o estado do mundo e, en especial, a situación do mundo en desenvolvemento. Esta edición de Global Express pretende informar do impacto das armas nas sociedades, iniciar unha análise crítica da cultura da violencia e presentar alternativas á mesma. Descárgatelo en www.IntermonOxfam.org/Educuar/Global